

**OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025**  
**Enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria**

**1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**

**INSTRUCCIÓN:**

- 1.– Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.– Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.– O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.– Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.– Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.– Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.– A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.– Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**EXAME EN GALEGO**

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. De acordo coa Lei 8/2008 de saúde de Galicia, a que órgano se lle atribúe a competencia para establecer as directrices da política sanitaria no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia?**

- A) Á Consellería de Sanidade.
- B) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- C) Ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
- D) Ao Parlamento de Galicia.

**2. O SERGAS vai constituír un tribunal de selección para cubrir prazas estatutarias fixas. Propoñen como vogal a Carlos, que é persoal estatutario fixo coa titulación exixida. Non obstante, Carlos traballou nunha academia preparando a opositores para esa mesma categoría hai tres anos. Segundo a normativa, pode Carlos actuar como membro deste tribunal?**

- A) Si, porque posúe a condición de persoal estatutario fixo e cumpre o requisito principal de idoneidade.
- B) Non, porque debe absterse de intervir quen preparase aspirantes da mesma categoría nos últimos cinco anos.
- C) Si, porque a incompatibilidade para ser membro do tribunal caduca aos dous anos de ter impartido a preparación.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**3. Segundo a redacción vixente do artigo 10 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, tras as modificacións introducidas pola normativa posterior (especialmente en materia de autonomía do paciente e accesibilidade), sinala a opción correcta en relación cos dereitos dos usuarios fronte ás administracións públicas sanitarias:**

- A) O dereito á confidencialidade da información relativa ao proceso asistencial limítase aos centros sanitarios públicos, quedando excluídos os centros privados vinculados contractualmente ao sistema público.
- B) O dereito a ser advertido do eventual uso docente ou de investigación dos procedementos diagnósticos ou terapéuticos esixe, en todo caso, autorización previa do paciente, pero non é necesaria a súa forma escrita se non existe risco adicional para a saúde.
- C) O dereito á información sobre os servizos sanitarios accesibles e os requisitos para o seu uso debe proporcionarse en formatos adecuados e comprensibles, seguindo o principio de "deseño para todos", de xeito que resulte accesible tamén para as persoas con discapacidade.
- D) O dereito a elixir médico e demais sanitarios titulados quedou derogado na súa totalidade pola Lei 41/2002, pasando a ser unha mera facultade organizativa de cada servizo de saúde sen recoñecemento legal básico estatal.

**4. En canto ao réxime disciplinario establecido no Estatuto Marco, que órgano ten competencia para acordar a suspensión provisional, como medida cautelar, dun membro do persoal estatutario fronte a un expediente disciplinario?**

- A) O órgano competente para ordenar a incoación do expediente disciplinario.
- B) Unicamente a persoa titular da Consellería de Sanidade.
- C) Só un xuíz ou tribunal, a petición da xerencia correspondente.
- D) O responsable directo do servizo ou unidade no momento de producirse os feitos.

**5. No Título I da Constitución Española, cal dos seguintes dereitos NON está considerado como un dereito fundamental susceptible de recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional?**

- A) O dereito á vida e á integridade física.
- B) O dereito á liberdade ideolóxica e relixiosa.
- C) O dereito á protección da saúde.
- D) O dereito á educación.

**6. Dentro das situacións administrativas do persoal estatutario, e de acordo co réxime previsto no Estatuto Marco, sinala a opción correcta en relación coas retribucións que lle corresponden ao traballador durante o tempo no que permaneza en situación de suspensión provisional de funcións:**

- A) Percibirá o 50% das retribucións básicas, excluídas as pagas extraordinarias, mentres dure a suspensión.
- B) Percibirá o 75% das retribucións básicas e de todas as retribucións complementarias.
- C) Percibirá o 100% das retribucións básicas que tivese recoñecidas, sen dereito a retribucións complementarias.
- D) Non terá dereito a ningunha percepción económica mentres se manteña a suspensión provisional.

**7. Nunha área sanitaria do Sergas queda vacante un posto de coordinador/a de servizo de enfermaría de atención primaria sin dedicación exclusiva ás funcións de coordinación nun determinado centro de saúde. De acordo co Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Sergas, que sistema de provisión corresponde aplicar para cubrir este posto?**

- A) Debe cubrirse mediante concurso de traslados entre persoal estatutario fixo da categoría de enfermaría.
- B) Debe cubrirse mediante un procedemento específico de avaliación do currículo e defensa dun proxecto técnico.
- C) Debe cubrirse mediante o sistema de libre designación, entre persoal estatutario fixo de enfermaría que cumpra os requisitos esixidos.
- D) Pode cubrirse mediante nomeamento temporal de carácter eventual mentres non se convoque a oposición correspondente.

**8. Segundo a clasificación do persoal estatutario que establece o Estatuto Marco, en cal das seguintes opcións se encadra correctamente a categoría de dietista-nutricionista?**

- A) Como persoal estatutario sanitario de formación universitaria, no grupo A, subgrupo A1.
- B) Como persoal estatutario sanitario de formación universitaria (nivel diplomado/graduado), no grupo A, subgrupo A2.
- C) Como persoal estatutario sanitario de formación profesional, no grupo C1.
- D) Como persoal estatutario de xestión e servizos, no grupo A, subgrupo A2.

**9. En relación á Xunta de Galicia e o seu Presidente, sinala a afirmación correcta segundo o Estatuto:**

- A) A Xunta é o órgano colexiado do goberno de Galicia.
- B) O Presidente da Xunta é nomeado formalmente polo Rei, de entre os membros do Parlamento galego.
- C) O Presidente dirixe e coordina a acción da Xunta.
- D) Todas as respostas anteriores son verdadeiras.

**10. Sobre a localización e protección de dereitos na Constitución Española; o dereito á protección da saúde:**

- A) É un dereito fundamental estritamente protexido polo recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
- B) Atópase dentro do Capítulo referente aos principios reitores da política social e económica.
- C) Só pode ser suspendido se o paciente o solicita por escrito.
- D) As opcións A e B son correctas.

Preguntas de reserva

**11. Ana é persoal estatutario fixo da categoría de técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE) na Área Sanitaria de Vigo desde hai seis anos. Desexa presentarse pola quenda de promoción interna a unha praza da categoría de enfermeira/o. Non obstante, non posúe a titulación universitaria (diplomatura ou grao) normalmente exigida para o ingreso na dita categoría. Tendo en conta a normativa de selección e provisión de prazas (Decreto 206/2005), indique a afirmación correcta respecto á súa participación:**

- A) Ana poderá participar no proceso selectivo porque a normativa a exime do requisito de titulación, ao ter prestado servizos ininterrompidos durante máis de cinco anos na súa categoría de orixe.
- B) Ana non poderá participar no proceso selectivo, xa que a exención do requisito de titulación por posuír cinco anos de antigüidade só é aplicable para o acceso a prazas de xestión e servizos dos niveis de formación profesional, non para o persoal sanitario.
- C) Ana poderá participar cumprindo os requisitos de antigüidade e, no caso de superar o proceso, terá preferencia para a elección de praza respecto ao persoal seleccionado polo sistema de acceso libre.
- D) Todas as afirmacións anteriores son falsas.

**12. Segundo o artigo 43 da Constitución Española, relativo á protección da saúde, é certo que:**

- A) Recoñécese explicitamente o dereito á protección da saúde.
- B) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- C) Unha lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto.
- D) Todas as respostas anteriores son certas.

1. The first part of the document discusses the importance of maintaining accurate records of all transactions and activities. It emphasizes the need for transparency and accountability in financial reporting.

2. The second part of the document outlines the various methods and techniques used to collect and analyze data. It covers both qualitative and quantitative research approaches, highlighting the strengths and limitations of each.

3. The final part of the document provides a summary of the findings and conclusions drawn from the research. It discusses the implications of the results and offers recommendations for future research and practice.



